

INSTRUCCIÓN SOLICITUDES ADMISIÓN CURSO 2025-2026

PRAZO DE PRESENTACIÓN: do 1 ao 20 de marzo (ambos incluídos).

- A presentación pode ser **electrónica**, a través da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> ou **presencial** (neste caso o prazo vai do **6 ao 20 de marzo**)
- A solicitude será única e pode conter unha relación de ata 6 centros por orde de preferencia. No caso de que a persoa solicitante non fora admitido/a no centro indicado en 1º lugar, aplicarase o procedemento para a adxudicación subsidiaria do posto regulado na orde.

DOCUMENTACIÓN a presentar:

- **Solicitude (ED550B)**, cuberta con **letra lexible e asinada pola persoa adulta solicitante**. Pódese descargar a través da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>
- **Anexo II-bis** (comprobación de datos e consentimento) deberán estar **SEMPRE ASINADOS**.
- Fotocopia do **LIBRO DE FAMILIA (todas as follas escritas)** ou documento equivalente onde figure a/o alumna/o e os seus proxenitores.
- Fotocopias DNI de todos os membros da unidade familiar.
- Xustificante de estar matriculado/a actualmente.
- De ser o caso:
 - Sentenza de separación.(soamente a folla onde conste a custodia do menor).
 - Documentación acreditativa do alumnado con **necesidades específicas**.

MOI IMPORTANTE!

Tanto na presentación ELECTRÓNICA como na PRESENCIAL, a **solicitude** e os **anexos** deberán presentarse **ASINADOS**. **A FALTA DE SINATURA DUN DOS PROXENITORES** será causa de **EXCLUSIÓN**.